



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Relacións Laborais no ámbito Naval e Marítimo-Pesqueiro	Código	760G01043	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro-Cuarto	Optativa	6
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público Especial			
Coordinación	Carril Vázquez, Xosé Manuel	Correo electrónico	xose.manuel.carril.vazquez@udc.es	
Profesorado	Carril Vázquez, Xosé Manuel	Correo electrónico	xose.manuel.carril.vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de "Relacións Laborais no ámbito naval e marítimo -pesqueiro" é optativa e pódese cursar en terceiro ou cuarto curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.</p> <p>O contido desta materia capacita ao estudantado para alcanzar os coñecementos teórico-prácticos sobre as relacións laborais do sector naval e marítimo pesqueiro desde o plano da súa regulación xurídica, que lle sirvan para dominar os conceptos e as especialidades que caracterizan a este importante sector da economía galega.</p> <p>Partindo das fontes de regulación do traballo marítimo-pesqueiro, se estudarán as relacións individuais, analizando os diferentes tipos de contrato de traballo, con especial atención aos seguintes aspectos: salario, xornada laboral, saúde e riscos laborais e a seguridade social. Así mesmo analizarase as peculiaridades da negociación colectiva dos traballadores do mar e do sector naval.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A2	Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.
A3	Saúde laboral e prevención de riscos laborais.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A15	Dirixir grupos de persoas.
A16	Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral.
A17	Asesoramento e xestión en materia de Seguridade Social, Asistencia Social e protección social complementaria.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A33	Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.
A34	Interrelacionar as distintas disciplinas que configuran as relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Marco normativo regulador das relacións laborais.	A1		
Marco normativo regulador da seguridade social e da protección social complementaria.	A2		
Saúde laboral e prevención de riscos laborais.	A3		
Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.	A13		
Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.	A14		
Dirixir grupos de persoas.	A15		
Asesorar e/o xestionar en materia de emprego e contratación laboral.	A16		
Asesoramento e xestión en materia de Seguridade Social, Asistencia Social e protección social complementaria.	A17		
Aplicar os coñecementos á práctica.	A31		
Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.	A32		
Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.	A33		
Interrelacionar as distintas disciplinas que configuran as relacións laborais.	A34		
Resolución de problemas.		B1	
Capacidade de análise e síntese.		B2	
Capacidade de organización e planificación.		B3	
Comportarse con ética e responsabilidade social desde a cidadanía e como profesional.		B6	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais de Galiza.			C1
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía galega aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos

Temas	Subtemas
Delimitación do obxecto de estudo	Ámbito subxectivo. Ámbito colectivo.
As peculiaridades na regulación do traballo marítimo-pesqueiro.	Introdución. A incidencia das fontes supranacionais na ordenación do traballo marítimo-pesqueiro: os convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT). A regulación do traballo marítimo-pesqueiro no dereito interno.
Relacións laborais individuais do contrato de traballo.	Contratos de traballo. A Relación laboral especial dos estibadores portuarios. Salario. A xornada laboral. Tempos de descanso. Outros dereitos e obrigas derivados da relación laboral dos traballadores do mar.
O Réximen Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.	Regulación. Campo de aplicación. Traballadores por conta propia e por conta allea. Afiliação, altas e baixas. Cotización. Acción protectora. Xubilación dos traballadores do mar. O Instituto Social da Mariña.
A prevención de riscos laborais nos buques de pesca y nas empresas do sector naval.	Definicións Obrigas do armador. Formación, información, participación e consulta. Prevención marítimo-pesqueira: principais riscos. Condições de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca. A prevención de riscos laborais no sector naval.



A negociación colectiva dos traballadores do mar e do sector naval.	A negociación colectiva. Os conflitos colectivos.
---	--

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	5	20	25
Estudo de casos	8	20	28
Proba obxectiva	3	0	3
Sesión maxistral	20	50	70
Solución de problemas	6	17	23
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Solución de problemas	Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Discusión dirixida Solución de problemas	<p>Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.</p> <p>Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor.</p>
--	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo</p>	10
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p>	60
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>	20
Solución de problemas	<p>Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.</p>	10

Observacións avaliación

En calquera caso o alumno terá a posibilidade de presentarse exclusivamente á proba obxectiva final, na data que aprobe a Xunta de Centro, na que terá que responder a un cuestionario teórico práctico (preguntas de teoría e exercicios). A valoración neste caso da proba final será de 10 puntos. Se o alumno decide non acollerse ao sistema de avaliación exclusiva mediante unha proba obxectiva final, o outro sistema permite deseñar o proceso de formación tendo como punto de partida o volume de traballo que deberá realizar para alcanzar os obxectivos propostos na materia, é dicir, as súas asistencia ás sesións que se realicen mediante a utilización de leccións maxistrales, estudo de casos, solución de problemas, así como o traballo persoal que supón o estudo dos contidos do programa.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- () .- FOTINOPOULOU BASURKO OLGA (2008). El Contrato de trabajo de la gente del mar. Estudio del problema de la determinación de la ley rectora al contrato de embarque en el contexto de los registros abiertos. . Copmares- CORREA CARRASCO, M. (2000). La ordenación de las relaciones laborales en el sector marítimo pesquero. CES- CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (1999). La Seguridad Social de los trabajadores del mar. Madrid. Civitas- ARRIETA IDIAKEZ, F. J. (2008). La Seguridad Social de los trabajadores del mar en el Derecho español. Dykinson- TORRES SALAZAR, M.; BRESS GARCÍA, J. R.; FERNÁNDEZ DE MATA, E.; CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2002). Os retos do sector pesqueiro galego cara ó vindeiro século. Santiago. Consello Galergo de Relacións Laborais
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase a asistencia a clase, a realización de todas as actividades que se planifiquen na mesma e a participación nos actos académicos e non académicos organizados tanto polos profesores que imparten a materia como polo centro.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías